

ANTECEDENTES

Os antecedentes históricos do **Castelo de San Felipe** remóntanse ó século XVI. O descubrimento de América, a súa colonización e as primeiras loitas polo dominio do Océano Atlántico, déronlle ó porto de Ferrol unha grande **importancia estratéxica**: xurdía o problema do resguardo e aprovisionamento para as Armadas dos Reis da Casa de Austria.

En consecuencia, procedeuse ó estudo e á creación dunha infraestrutura de apoio, xa que ademais, as constantes ameazas tanto por mar coma por terra a esta antiga Base Naval, forzaron a necesidade da súa defensa e o desenvolvemento dun sistema de fortificación sobre a boca da Ría.

Cara ó ano 1589, por iniciativa de Felipe II, comezaba a construírse o primeiro “castelo”, que se chamou de San Felipe na honra do Santo Patrono do Rei. Aínda se conserva parte desta obra primitiva, integrada na construción do século XVIII, xa reformada. Pola mesma época, levantáronse dous castelos máis na beira oposta da canle. Máis ó leste, o de Nosa Señora da Palma, denominado así pola capela dedicada a esta advocación da Virxe. E ó oeste, o de San Martiño, así chamado en homenaxe a Martín de Padilla, adiantado de Castela por aqueles anos.

Desta última construción consérvanse hoxe ruínas deterioradas da zona abaluartada, pero daquela, a disposición destes tres castelos nun punto tan estratéxico da Ría, permitiu unha defensa capaz de protexer as instalacións militares diante de previsibles ataques inimigos, tanto por mar coma por terra, xa que os castelos formaban un perigoso e insuperable triángulo de fogo. Permitían, ademais, a colocación dunha cadea tendida entre o Castelo de San Felipe e o de San Martiño que impediría a entrada das tropas inimigas.

Estas fortificacións deron probada mostra do seu valor estratéxico e disuasorio en 1639 durante o ataque do Almirante Henri D'Escobleau de Sourdis a esta Base Naval ferrolá, sendo rexeitadas as forzas francesas con facilidade.

Tamén foi particular a contribución, en concreto do Castelo de San Felipe, durante o **ataque inglés a Ferrol** por parte das forzas do Xeneral Pultney o 26 de agosto de 1800. As tropas inglesas desembarcaron nas praias de Doniños e San Xurxo co obxectivo de arrasaren o Arsenal da Mariña e foron rexeitadas en sucesivos ataques, retirándose ós Altos de Brión, onde culminou a vitoria española. Esta batalla relémbrase todos os anos escenificando a loita entre as compañías inglesas e os habitantes de Brión, coa participación da veciñanza.



No Castelo de San Felipe conmemórase todos os anos a loita entre as compañías inglesas do Xeneral Pultney e os habitantes de Brión o 26 de agosto de 1800, que culminou coa vitoria española.




Nos fondos mariños aínda se conservan restos das áncoras de fixación da cadea de peche da ría, que se tendía entre o Castelo de San Felipe e o de San Martiño para rexeitar a entrada de frotas inimigas.



A aldea de San Felipe é ideal para o paseo demorado admirando as fermosas vistas á ría, e para o gozo dunha rica gastronomía baseada na excelencia dos produtos do mar.



Desde a outra beira temos maravillosas panorámicas do Castelo de San Felipe e da ría de Ferrol, ideal para a práctica dos deportes de aventura e do turismo náutico.



Concello de Ferrol
TURISMO

CASTELO DE SAN FELIPE

Edita:
Concello de Ferrol. Turismo

Fonte:
Juan Antonio Rodríguez-Villasante Prieto

Deseño e maquetación:
Item-aga


Fotos:
Ovidio Aldegunde

Dep. Legal:
C 507-2008

Oficina de Turismo
Magdalena 56 - Tif. 981 944 272

www.ferrol.es

Ferrol
Turismo




O **Castelo de San Felipe** foi sufrindo reformas na súa estrutura entre 1731 e 1775, segundo deseños concibidos polos enxeñeiros Francisco Montaigú, Juan de la Ferrière e Juan Vergel. Así, no século XVIII era considerado un exemplo de “batería abaluartada”, isto é: por unha banda, unha zona con baterías de canóns dirixidos cara ó mar, complementada, como xa dixemos, coas dos castelos da **Palma** e de **San Martiño**. E pola outra, contaría cun sistema de baluartes ou muros saíntes cubrindo os flancos das cortinas ou muros frontais, pensada para rexeitar tamén os ataques por terra.

Esta forma defensiva viña case imposta pola aplicación dos modelos académicos á esgreira orografía da punta na que asenta e á forma da boca da Ría. O círculo que describe a canle por onde entrarían os navíos condicionou o trazado das diversas orientacións da batería. Ademais, a forte pendente existente entre o terreo e o nivel do mar aconsellou a utilización do hornaveque, que se formaba en base a dous muros longos unidos por un fronte de baluartes e unha cortina intermedia.

Pero a magnitude do **Castelo de San Felipe** permite subdividir a súa estrutura en diferentes partes, descritas na ilustración, e facer o percorrido guiándonos polos **32 elementos de maior valor construtivo**. No interior do Castelo e seguindo este itinerario, atoparemos unha descrición pormenorizada de cada un deles nos paneis informativos, que nos permitirán coñecer con detalle este fermoso exemplo de fortificación representativa dos modelos académicos da ilustración.

PERCORRIDO ACONSELLADO



- | | |
|---|---|
| 1 BATERÍA EXTERIOR DA ENTRADA PRINCIPAL | 17 BATERÍA BAIXA, REFORMA DO SÉCULO XIX (CASAMATAS) |
| 2 GARITA NA BATERÍA EXTERIOR DA ENTRADA PRINCIPAL | 18 INTERIOR DA BATERÍA BAIXA, REFORMA DO SÉCULO XIX |
| 3 CAMIÑO CUBERTO DOS DISPAROS DO INIMIGO | 19 ESPALDEIRAS DA BATERÍA BAIXA DE POÑENTE |
| 4 PORTADA E “CAPOEIRA” DO LESTE | 20 BATERÍA EXTERIOR DA “CAPOEIRA” DO OESTE |
| 5 PORTADA PRINCIPAL | 21 “CAPOEIRA” DO OESTE |
| 6 BATERÍA BAIXA, ZONA DE LEVANTE (“A FLOR DE AUGA”) | 22 BATERÍA ALTA |
| 7 BATERÍA DO CASTELO VELLO (ÉPOCA DE FELIPE II) | 23 BURATA DA ZONA DE POÑENTE |
| 8 RIBADA DE BAIXADA Á BATERÍA | 24 HORNAVEQUE (FRONTE DE TERRA) CON DOUS SEMIBALUARTES |
| 9 BATERÍA BAIXA, ZONA DE LEVANTE (INTERIOR) | 25 GAMBOTA E OUTRAS OBRAS EXTERIORES |
| 10 ESPALDEIRA DA BATERÍA BAIXA | 26 HORNAVEQUE (FRONTE DE TERRA) |
| 11 CASTELO VELLO, ESPALDEIRA E BATERÍA | 27 NAVE INTERIOR DO HORNAVEQUE |
| 12 TORRE DO SÉCULO XIX PARA ARTILLERÍA DE RETROCARGA | 28 PATIO CENTRAL OU DE ARMAS NA GORGUEIRA DO HORNAVEQUE |
| 13 NAVE DE APOIO Á BATERÍA: ANTIGO ALMACÉN DE PÓLVORA | 29 GARITA NO EXTREMO SUROESTE DO HORNAVEQUE |
| 14 ESCALEIRA DE CARACOL PARA COMUNICAR AS BATERÍAS | 30 EDIFICIO DE ALOXAMENTO DOS MANDOS |
| 15 ALXIBE DO SÉCULO XIX (BAÑO DA RAÍÑA) | 31 SOPORTAIS NA GORGUEIRA DO HORNAVEQUE |
| 16 ÁNCORAS DE FIXACIÓN DA CADEA DE PECHE DA RÍA | 32 PORTADA DE ACCESO Ó HORNAVEQUE (LEVANTE) |

